

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 29 de xaneiro de 2016, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 14/15, do 30 de decembro.
- 2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 29001 á nº 29432 de 2015 e ata á nº 1650 de 2016.
- 3.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia nº 34/2016 sobre nomeamento de presidentes de dúas comisión informativas permanentes.
- 4.-Toma de coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás comisión informativas e das modificacións efectuadas.

Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medioambiente

- 5.-Aprobación provisional da quinta fase do Plan de travesías da anualidade 2015, correspondente ao Concello de Carballo.
- 6.-Aprobación provisional da segunda relación de obras incluídas na terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, correspondente ao Concello da Laracha.
- 7.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2016, segunda fase.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

- 8.-Aprobación do proxecto modificado da obra "Afirmado e acondicionamento das estradas do Xirimbao e Loureiro", do Concello de Teo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) Adicional 1/2015 código 15.2101.0319.0

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

- 9.-Aprobación definitiva do expediente de desafectación parcial do Centro Calvo Sotelo e aprobación definitiva da cesión de uso á Universidade da Coruña, para a súa utilización como Residencia Universitaria.
- 10.-Aprobación definitiva do expediente de cesión de uso á Fundación Meniños dun local de 325,80 m² no Edificio da Milagrosa, 2ª planta, para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e á infancia con carácter gratuíto e aprobación do texto do convenio onde se concretan as condicións de cesión de uso á Fundación Meniños.
- 11.-Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños para financiar a atención de visitantes ao dolmen de Dombate e actividades culturais complementarias de posta en valor do dolmen de Dombate e a cultura megalítica.

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

12.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de decembro.

13.-Aprobación do informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao cuarto trimestre de 2015 na Deputación provincial e no Consorcio provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

14.-Aprobación da toma de coñecemento da aprobación definitiva do orzamento do Consorcio provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, e do orzamento consolidado.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

-Moción do Grupo Alternativa dos Veciños respecto ao convenio co Concello de Coristanco para a adquisición dunha finca.

-Moción do Grupo Provincial Popular para adoptar un plan de axudas urxentes a municipios rurais, co obxecto de paliar os danos que se produciron a causa do temporal, que afectou á provincia da Coruña durante a fin de semana do 8 ao 10 de xaneiro de 2016.

ROGOS E PREGUNTAS